

A EGAP SINALA O CAMIÑO A SEGUIR

Suso Baleato sinálanos un exemplo de boas prácticas dende unha plataforma web pública galega

Na comunidade tecnolóxica estamos tan afeitos á esaxeración e á grandilocuencia nas presentacións que as institucións adoitan facer dos seus proxectos tecnolóxicos que, ao final, optamos por non prestar atención ou observar dende a distancia e o escepticismo os novos lanzamentos cando saen á luz. O tradicional illamento e a obsolescencia que as iniciativas tecnolóxicas gobernamentais acostuman amosar, engadido aos habituais problemas de accesibilidade ou compatibilidade de estándares, acaban por inhibir a nosa participación e valorar negativamente esas iniciativas, sufragadas ademais cos nosos impostos.

Porén a posta en marcha da nova plataforma web da Escola Galega de Administración Pública, a nosa EGAP, á vista en egap.xunta.es, destaca xustamente por todo o contrario. Non se trata tan só da seriedade que caracterizou a súa elaboración, da que teño constancia, ou da mesura na súa presentación. Trátase de que, en troques de disimular con deseños superfluos e artificiosos a carencia real de contidos, a EGAP pon ao alcance das nosas mans xigabytes de conferencias, cursos e presentacións en formato multimedia, duplicando e perpetuando así o valor das actividades formativas e divulgativas previamente realizadas pola Escola.

Trátase de que, en troques de reproducir na web as inercias e rixideces propias das burocracias administrativas, a EGAP retransmite eventos en directo, ábrese á interacción a través das redes sociais e ofrece un modelo de transparencia e accesibilidade tan necesario como infrecuente no noso país.

En conclusión, do que se trata é de que a web da EGAP amosa o salto cualitativo que a nosa administración pública pode e

debe dar, unha vez cruzado xa o albo do século XXI, sinalando o camiño do que debe ser un goberno electrónico aberto, transparente e participativo. Ogallá que o exemplo comece a estenderse nas restantes plataformas tecnolóxicas públicas ao tempo que retórica grandilocuente á que tan afeitos estamos comece a ser substituída por avances reais e servizos útiles para a cidadanía. Ogallá que o lema do director da EGAP "Formar para servir", acabe converténdose nun "Gobernar para servir" no ámbito das nosas iniciativas tecnolóxicas. No entanto, e con estes bós desexos para darlle a benvida ao 2012, permítanme convidalos a visitar a nova web da EGAP: de seguro, non lles defraudará.

Suso Baleato, Tecnólogo



Aspecto xeral da plataforma web da EGAP

Acceso ao material formativo dende egap.xunta.es

Na presentación da nova web da Escola, celebrada a comezos deste 2012, o director da EGAP anunciou que, entre outras cousas, a ferramenta en liña facilitaría todo o material formativo e informativo do que dispón. A nova páxina, sinalou, permitirá aos cidadáns ter acceso a máis de 11.000 contidos, nos que se inclúen vídeos, imaxes, audios, textos, presentacións de diapositivas e artigos, etc. Asemade, poderán participar con opinións a través das redes sociais: [Twitter](#), [Facebook](#) ou [YouTube](#). O director da Escola salientou que unha das finalidades da nova andaina en liña é fomentar a participación da comunidade internauta.

Respecto ao interese que suscitan os temarios que se poñen a disposición das galegas e os galegos na devandita páxina, dicir que dende comezo das publicacións na páxina web da Escola, amorearon un total de 130.000 descargas e 84.000 usuarios únicos.